

A DESBROZADORA



DESBROZADORAS PORTÁTILES

- Son máquinas portátiles de ata 14 Kg de peso. Para facilitar o seu manexo, a distribución de cargas está equilibrada en torno a un longo brazo, e lévase enganchada a un cinto que se suxeita aos ombreiros e ao lombo.

RISCOS DERIVADOS DO USO

- O risco característico das desbrozadoras son as proxeccións, non tanto para a persoa que manexa a máquina como para os seus compañeiros e observadores. Así mesmo é preciso ter en conta os riscos derivados das vibracións do sistema man-brazo, sobreesforzos e das condicións ambientais de traballo
- Hipoacusia debido ao seu uso recorrente.

MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN QUE HAI QUE ADOPTAR

- Entre operarios que manexen desbrozadoras portátiles deberá existir unha distancia mínima de 5 m. O traballo con desbrozadora é traballo dunha soa persoa, e avisarase do risco de desprendemento de pedras e partículas ás persoas que están arredor do operario que as manexa (o persoal alleo ao traballo manterase afastada nun radio de 10 metros).
- Todas as desbrozadoras manuais deben posuír un sistema antivibratorio eficaz.
- Así mesmo, levarase roupa acorde coas condicións meteorolóxicas imperantes.
- Verificarase obrigatoriamente, antes do seu uso, que as máquinas están en condicións adecuadas de funcionamento e que os dispositivos de paro funcionan correctamente.
- Pararanse as máquinas sempre antes de realizar calquera manipulación nelas e asegurarse de que non se poidan pór en marcha de forma accidental (desconexión das buxías).
- Xamais se burlarán os sistemas de protección que leven incorporados as máquinas cando estas están en funcionamento.
- É obrigatorio manter as prendas de traballo axustadas (prohíbese levar nelas obxectos salientes).

EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- Utilizarase obrigatoriamente o seguinte Equipo de Protección Individual:
 - ✓ Botas de seguridade.
 - ✓ Luvas.
 - ✓ Peto antiproxeccións.
 - ✓ Máscara de protección facial.
 - ✓ Protección auditiva; cascos de protección auditiva.

MÁQUINAS CORTACÉSPEDES

- O risco máis habitual é o de sufrir cortes nas extremidades superiores, este risco aparece asociado a atascos durante o traballo, ao proceder a intentar desatascar a máquina cortacésped sen parala previamente.
- Outros accidentes frecuentes son lesións nas extremidades inferiores por cortes, así como as queimaduras co tubo de escape

MEDIDAS DE PROTECCIÓN QUE HAI QUE ADOPTAR

- A herba debe segarse cando se atope en correcto estado de humidade. Debe evitarse segala cando teña chovido, ou facelo co orballo matutino, dado que a herba húmida se atasca con moita máis facilidade.
- En caso de atascos, procederase a deter a máquina e desconectar a buxía do motor, antes de proceder ao desatascado.
- Os labores de mantemento e afiado da coitela, así como de desatascado, realizaranse con luvas resistentes.
- Porase calzado de seguridade durante os labores coa cortacésped.
- Os cortacéspedes de nova adquisición deberán ter un dispositivo de parada por retirada das mans dos mandos.

